



ACTA DO REMATE DAS NEGOCIACIÓNS CELEBRADAS ENTRE OS REPRESENTANTES DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E AS ORGANIZACIÓN SINDICAIS CIG, CCOO, UGT, CSIF O'MEGA E CESM, PARA A RESOLUCIÓN DO CONFLITO XURDIDO LOGO DA CONVOCATORIA DE FOLGA NO ÁMBITO DA ATENCIÓN PRIMARIA.

Asistentes:

Pola Administración:

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos.

Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.

Mª José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

Javier García Caeiro.- Xefe de Servizo de Relacións Laborais.

Alberto López Suárez.- Técnico da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

Polas organizacións sindicais e o Comité de Folga:

Mª Xosé Abuín Álvarez (CIG)

Manuél González Moreira (CIG)

Roberto Celi Alzamora (O'MEGA)

Emilio Armada Rodríguez (CESM)

Antonio Otero Peña (CESM)

Ángel Cameselle Corbacho (CCOO)

Emilia Lamas Seoane (CCOO)

Javier Martínez Fente (UGT)

Carlos Cancela Rodríguez (UGT)

Daniél Otero Castiñeira (CSIF)

Manuel González Vázquez (CSIF)

Xosé María Dios Diz (AGDSP)

Jesús Sueiro Justel (AGAMFEC)

Alicia Colmeiro Corral

En Santiago de Compostela, as 11:00 horas do día 8 de abril de 2019, na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde reúnense as persoas á marxe relacionadas, tras o correspondente proceso de negociación, sobre a Atención Primaria no ámbito do Servizo Galego de Saúde, as partes asinantes acadan o seguinte compromiso:

1.- A apertura na mesa sectorial de sanidade dun diálogo sobre atención primaria cara á negociación de todas as reivindicacións de contido laboral incluídas na convocatoria de folga presentada, significadamente a dotación de prazas.

2.- En relación coas cuestións de carácter asistencial ou organizativas incluídas nas citadas reivindicacións, as mesmas serán canalizadas a través do Consello Técnico de Atención Primaria, órgano colexiado no que estarán representadas, entre outros colectivos, as sociedades científicas, asociacións profesionais e sindicatos.



O dito órgano será creado por orden da Consellería de Sanidade, cuxo borrador é entregado ás organizacións sindicais convocantes para a formulación de alegacións.

En relación co borrador entregado, acórdanse as seguintes modificacións:

- Na páxina 1, penúltimo parágrafo, queda redactado así:

“Este proceso de definición estratéxica do novo modelo será desenvolto a través do Consello Técnico de Atención Primaria que, cun carácter permanente, realice funcións en relación cos aspectos científicos, sociais e profesionais no ámbito da atención primaria, desde unha visión multidisciplinar que se reflicte na súa composición, e que poida tratar sobre os programas e medidas a desenvolver neste proceso.”

- Artigo 2., engádense as seguintes funcións:

“- Análise e avaliación das necesidades de recursos humanos.

- Análise de mellora da capacidade resolutiva de atención primaria. Carteira de servizos.

- Análise das liñas de xestión dos procesos asistenciais de atención primaria, e de propostas de mellora das relacións de atención primaria e atención hospitalaria.

- Estudo e análise de propostas da nova organización da xestión da atención primaria.”

- Artigo 9.2 queda redactado: *“O Pleno do Consello reunirase cando menos, dúas veces ao ano, ou a requirimento da Presidencia, ou dun terzo dos seus membros.”*

3.- Compromiso das partes de acadar unha solución inmediata ao conflito existente no ámbito dos puntos de atención continuada.

4.- Compromiso de mellora do modelo de nomeamento estatutario eventual de continuidade acordado na Mesa Sectorial.

5.- As medidas previstas neste acordo irán acompañadas dun incremento orzamentario do programa de gasto de atención primaria á saúde, en función das dispoñibilidades presupostarias.



6.- Durante mes de abril será convocada a Mesa Sectorial para a análise dos aspectos referidos, así como para a análise das alegacións ao borrador da orde de creación do Consello Técnico de Atención Primaria, que se constituirá na primeira quincena de maio co obxecto de aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.

As organizacións asinantes deste acordo CIG, CESM, O'MEGA CCOO, UGT, CSIF proceden neste mesmo acto á desconvocatoria da folga convocada desde as 8:00 horas do día 9 de abril de 2019 ata as 8:00 horas do día 12 de abril, no ámbito da Atención Primaria.

Pola Administración

Polo comité de folga

 UGT
 O'MEGA
 CCOO
 UGT
 CCOO
 CSIF
 CCOO
 CIG-Saúde
 CIG-Saúde
 ABOESP
 ABOESP